



## MOCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA CABALGATA DE REIS E DO BELEN DO OBRADOIRO CONSONTE A SÚA ESCENOGRAFÍA TÍPICA.

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Nadal constitúe o período máis sentido do calendario.

O Nadal é un tempo de humanidade que nos permite estreitar lazos e recoñecer aos outros, lembrar aos que xa non están, e revivir sensacións, sentimentos e o propio imaxinario da nosa infancia; infancia que, na suposta e tantas veces citada sentencia de Rilke, é “a patria de todo home” (e muller).

O tempo de Nadal é un tempo secularizado no que tal secularización e a liberdade relixiosa son perfectamente compatibles cunha iconografía, escenografía e ambientación que, máis alá da súa orixe relixiosa, constitúen elementos de identidade cultural transmitida de xeración en xeración. Neste senso, con independencia das crenzas ou da práctica relixiosas de cada quen, é vontade maioritaria da sociedade manter os perfís dun tempo de arraigo e, especialmente, é vontade maioritaria que as nenas e nenos poidan gozar da mesma ilusión, do mesmo ambiente, escenográfico e musical, que as persoas adultas gozamos na infancia.

Nada diso condiciona a liberdade relixiosa de ninguén; de feito, a sucesión de escenas e músicas do Nadal tradicionais non impediu nos últimos 38 anos de réxime constitucional a máis libre evolución socio-relixiosa da sociedade española. E o compromiso co principio de aconfesionalidade do Estado non impediu que gobernos de todas as cores veñan respectando e aceptando a tradicional ambientación do Nadal.

Dentro de período de Nadal, especial atención se lle debe prestar á tradición da Cabalgata, vivida con especial ilusión polos máis cativos, e que o ano pasado adquiriu trazas carnavalescas nun intento contracultural de deturpar o acervo das tradicións máis sentidas. E, por suposto, un espazo central ten que ocupar un belén de escala humana, belén que o ano pasado foi substituído por un carrusel que, por si mesmo, non singulariza estas datas. Cabalgata e belén son as escenas principais dun tempo ambientado con vilancicos e panxoliñas.




Á vista do exposto o Grupo Municipal Popular propón para o seu debate e consideración no Pleno a adopción do seguinte

#### ACORDO:

***O Grupo Municipal Popular insta ao correspondente órgano de goberno municipal a elaborar unha programación de Nadal que respecte o ambiente, a representación, a escenografía e a música típicas, especialmente no tocante á cabalgata de Reis e a instalación dun belén a escala humana na Praza do Obradoiro, conciliando a difusión de vilancicos e panxoliñas, procurando ou facilitando, especialmente, o protagonismo das corais compostelás.***

Santiago a 25 de novembro de 2015



Alejandro S Brunete  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Santiago.